

## PERMISOS E LICENZAS VII CONVENIO CONCERTADA

CAUSAS	ART.	DURACIÓN	SALARIO	OBSERVACIÓNS
<b>MATRIMONIO OU PARELLA DE FEITO REXISTRADA</b>	Art.41.1	15 días	Si	Poderá desfrutarse previo aviso e xustificación 3 días antes da celebración, sen que supoña aumento de días de permiso, sen prexuízo de recuperación en caso de que non se produza o feito causante.
<b>ACCIDENTE, ENFERMIDADE GRAVE, HOSPITALIZACIÓN OU FALECIMENTO DE CÓNXUGUE OU FAMILIAR (ATA 2º GRAO)</b>	Art.41.2	3 días (na mesma localidade)	Si	Pode iniciarse mentres dure o feito causante e serán de desfrute continuado. Se o feito causante se produce en festivo, comezará a contar desde o primeiro día laborable.
		5 días (desprazamento superior a 150 km)	Si	Se o feito causante se produce cando o traballador completara o 70% da xornada, contará a partir do día seguinte. Se o permiso inclúe o fin de semana, non se terá en conta no cómputo.
<b>INTERVENCIÓN CIRÚRXICA SEN HOSPITALIZACIÓN</b>	Art.41.3	2 días (na mesma localidade)	Si	Intervencións cirúrxicas que precisen repouso domiciliario, de parentes ata 2º grao. Se o feito causante se produce en festivo, comezará a contar desde o primeiro día laborable.
		5 días (con desprazamento)	Si	Se o feito causante se produce cando o traballador completara o 70% da xornada, contará a partir do día seguinte. Se o permiso inclúe o fin de semana, non se terá en conta no cómputo.
<b>TRASLADO DE DOMICILIO</b>	Art.41.4	1 día	Si	
<b>VODA DE PARENTES (ATA 2º GRAO)</b>	Art.41.5	1 día	Si	Debe coincidir co día da cerimonia.
<b>DEBER INEXCUSABLE, PÚBLICO OU PERSOAL</b>	Art.41.6	Tempo imprescindible.	Si	Citacións de organismos xudiciais e órganos da administración. Outros cuxo incumprimento pode xerar responsabilidades de índole civil, penal, social ou administrativa: mesas electorais, xurados,... Cando conste nunha norma legal ou convencional un período determinado se estará ao que esta dispoña
<b>EXAMES PRENATAIS, PREPARACIÓN AO PARTO E ADOPCIÓN</b>	Art.41.7	Tempo indispensable	Si	Sempre que se deban realizar durante a xornada de traballo.
<b>CONSULTAS MÉDICAS. ASISTENCIA A TITORÍAS</b>	Art. 41.8	Máx. 20 hrs	Si	Consultas médicas do propio traballador ou familiares (ata 1º grao) que non poidan valerse por si mesmos. Sempre que non poida ser posible realízalas fóra do horario de traballo. Asistencia a titorías de fillos menores ata un máx. De 10 hrs. Acreditación con xustificante médico ou do centro educativo.
<b>PERMISOS POR CURSOS</b>	Art. 46	Tempo de duración (organizados pola empresa) 20 hrs. (outra formación)	Si	Previo permiso de un mes. Debe constar a concesión por parte da empresa.
<b>EXAMES OFICIAIS</b>	Art.47	Día/s de celebración das probas.	Si	Xustificación da matrícula como da asistencia aos exames.
<b>PERMISOS NON RETRIBUÍDOS</b>	Art.42	15 días por curso	Non	Solicitar con 15 días de antelación. A empresa debe concedelo a non ser que coincidan máis dun traballador da mesma rama ou nivel. Pode desfrutarse en máximo 2 períodos.
<b>COIDADO DE MENORES OU FAMILIARES</b>	Art. 45 ET 37. 6	Redución de xornada (mín. 1/8 e máx. 1/2 xornada)	Proporcional á redución	Coidado de menor de 12 anos ou familiar ata 2º grao, por idade, accidente ou enfermidade que non poida valerse por si mesmo e sen actividade retribuída. Previo aviso de 15 días.
<b>NACEMENTO E COIDADO DO MENOR (Nai biolóxica ou outro proxenitor)</b>	Art. 43 ET 48.4	16 semanas	Si	As primeiras 6 semanas son obrigatorias e ininterrompidas. 10 semanas poderanse desfrutar en períodos semanais de forma acumulada ou interrompida nos doce meses seguintes. Non se poden ceder ao outro proxenitor. A nai poderá adiantar o desfrute 4 meses antes do parto. Ampliáveis: 1 semana máis en caso de discapacidade do fillo ou nacemento, garda ou adopción múltiple. Os días de hospitalización en caso de parto prematuro.
<b>PERMISO POR COIDADO DO LACTANTE</b>	Art. 44 ET 37.4	1 hr de ausencia ou dividido en dúas fraccións Redución de xornada de ½ hora.	Si	A concreción horaria da redución de xornada corresponde á persoa traballadora. Comunicación por escrito 15 días antes do inicio e fin do permiso. Se o desfrutan os dous proxenitores coa mesma duración e réxime pódese estender ata os 12 meses do lactante (entre os 9 e 12 meses do lactante poden optar a unha prestación económica por exercicio corresponsable de coidado do lactante). Pódese acumular tras a baixa de maternidade en xornadas completas (20 días).
<b>VÍTIMA VIOLENCIA DE XÉNERO</b>	ET 37.8 (Lei Orgánica 1/2004)	Redución de xornada	Proporcional á redución	
		Reordenación do tempo de traballo	Si	Adaptando o horario ou flexibilizándoo.
		Falta de asistencia	Si	Consideraranse xustificadas cando os servizos sociais ou de saúde o determinen.